

# OBRADOIRO UN MUNDO DE EXPERIMENTOS

ASAC ASOCIACIÓN DE ALTAS CAPACIDADES DE GALICIA



**MONITOR:** Carlos Cachaldora (Enxeñeiro Técnico Agrícola, traballa como animador en actividades de ocio e tempo libre)

## **OBXECTIVO XERAL:**

Este obradoiro ofrece a posibilidade de ensinar e, ó mesmo tempo, entreter ás nenas e nenos dunha forma diferente. A través de actividades educativas e divertidas inténtase potenciar a **participación**, a **creatividade** e o **interese** das nenas e dos nenos **pola ciencia**. As actividades que se realizan son experimentos de tipo físico, químico ou biolóxico e buscan espertar a curiosidade das cativas/os mediante a estimulación dos seus sentidos. Todas elas están pensadas dun xeito sinxelo, de tal maneira que calquera de nós poderíamos facelas en casa como entretemento, nun ambiente lúdico e de descubrimento persoal dos fenómenos que se atopan detrás de cada experimento en cuestión.

## **EXEMPLOS DE ACTIVIDADES:**

Nas primeiras sesións as actividades realizadas tiveron que ver coa calidade sensorial para coñecer e relacionar os alimentos cos sentidos, curiosidades sobre estes e incluso ampliar a información que teñen as nenas e nenos sobre a alimentación. Tamén se fixeron experimentos como fritir un ovo sen calor nin aceite, fabricar un extintor caseiro ou xogar coa electricidade estática. Adóitase explicar curiosidades relacionadas coa vida diaria.



Como exemplo das actividades levadas a cabo, cítase unha das que máis gustou.

### **O globo máxico**

Material: un globo, unha botella de plástico, 100 ml. de vinagre, 20 gr. de bicarbonato de sodio.

Proceso: colócase o bicarbonato dentro do globo; vértese o vinagre na botella; axústase o globo na abertura da botella, procurando que o bicarbonato que se atopa dentro do globo non caia dentro; colócase o globo en posición vertical de tal forma que o seu contido se baleire na botella. O que se observa é como o globo enchese gas.

Fundamento teórico: a efervescencia é un fenómeno que consiste no desprendemento ou liberación dun gas a través dun líquido. As sustancias básicas que o provocan son o bicarbonato de sodio e o ácido cítrico que, ó combinarse nun medio acuoso, producen un gas denominado dióxido de carbono ( $\text{CO}_2$ ).



Isto relaciónase intimamente coa vida das cativas/os dado que, nos últimos anos, a industria da pastelería está a comercializar novos e sofisticados produtos, que teñen gran aceptación dentro da poboación infantil e xuvenil, en cuxos procesos de elaboración intervén este fenómeno. Ademais, podémolo atopar nas pastillas efervescentes para combater a dor estomacal, tamén chamados antiácidos, ou nas bebidas carbonatadas como a Coca-cola.

## **ENLACES E/OU RECURSOS DE INTERESE:**

Nas seguintes páxinas podes atopar interesantes e sinxelos experimentos que farán as delicias dos cativos e das cativas da casa

<http://www.xn--experimentosparanios-l7b.org/>

<http://es.scribd.com/doc/4727074/Experimentos-para-ninos-de-Educacion-Parvularia>

¿Como se pode facer un aerodeslizador ou un cilindro máxico? Mira estes vídeos.

<http://www.youtube.com/watch?v=0Ei6jzrdliM>

<http://www.youtube.com/watch?v=6xLZXMoN4w>